



DULCE M^a GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Claustro Universitario na súa sesión do 13 de maio de 2024, aprobou o *Plan de Accións de Normalización Lingüística para o período 2024-2026*, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V^o e praxe do sr. reitor.

V^o Praxe

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

PLAN DE ACCIÓNS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

2024-2026



ÍNDICE

1. LIMIAR	2
2. LISTAXE DE SIGLAS	3
3. RESULTADOS DO PLAN DE ACCIÓNS 2020-2022	4
4. PLAN DE ACCIÓNS 2024-2026	9
4.1. Xestión	9
4.2. Docencia	12
4.3. Investigación	14
4.4. Proxección	15

1. LIMIAR

O Plan de Acci3ns de Normalizaci3n Lingüística (PNL) para o período 2020-2022 veu cubrir o baleiro do anterior plan rematado no ano 2010. Cómpre agora analizar o impacto das acci3ns e, consecuentemente, propoñer un novo PNL para o período 2024-2026.

A Programaci3n Plurianual aprobada polo Consello Social o 20 de decembro de 2022 recolle no seu eixe 1 (“O Estudantado e a Comunidade Universitaria”) a liña 1.4 (“Promover o uso da lingua galega”), que incluía a seguinte acci3n:

OBXECTIVO. ELABORAR O NOVO PLAN DE ACCI3N EN PROL DA LINGUA GALEGA 2023-2026

ACCI3N 1.4.1	RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACI3N
Elaboraci3n do novo plan de acci3n en prol do uso da lingua galega na USC para o período 2023-2026	VTDI	02/01/23	15/09/23
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	01. Plan de Acci3n		

O novo PNL 2024-2026 mantén os mesmos eixes principais sobre os que pivotan as acci3ns:

- Xesti3n
- Docencia¹
- Investigaci3n
- Proxecci3n

Cómpre aquí agradecer o traballo das comisi3ns de normalizaci3n lingüística das escolas e facultades que participaron activamente na definici3n das acci3ns deste PNL 2024-2026, algo que salienta o compromiso que toda a comunidade universitaria ten a prol da lingua propia da USC.

¹ O obxectivo neste eixe vén marcado polo compromiso de atinxir un terzo da docencia en galego no ano 2026 recollido nas Liñas Xerais do Orzamento do exercicio 2024 aprobado polo Claustro do 30 de novembro de 2023.

2. LISTAXE DE SIGLAS

ACMP:	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos
ATIC:	Área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións
AVTE:	Área de Valorización Transferencia e Emprendemento
CNL:	Comisión de Normalización Lingüística
EDIUS:	Escola de Doutoramento Internacional da USC
GC:	Gabinete de Comunicación
PDA:	Plan Docente Anual
PDI:	Persoal Docente e Investigador
POD:	Plan Organizativo Docente
PNL:	Plan de Acciós de Normalización Lingüística
PTXAS:	Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos.
RIAIDT:	Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e ao Desenvolvemento Tecnolóxico
SET:	Suplemento Europeo ao Título
SNL:	Servizo de Normalización Lingüística
SPIC:	Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
VEC:	Vicerreitoría de Estudantes e Cultura
VOA-CL:	Vicerreitoría de Organización Académica e Campus de Lugo
VTDI:	Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación
VTI:	Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización

3. RESULTADOS DO PNL 2020-2022

O PNL para o período 2020-2022 constaba de 27 accións distribuídas en catro bloques: Xestión, Docencia, Investigación e Proxección. Cada unha delas recollía a unidade ou entidade coordinadora da acción, o cronograma de actuación e os indicadores e evidencias que facilitaban a súa monitorización (figura 1).




Figura 1. Resultado global do PNL 2020-2022

1. A xestión

Este bloque recollía 10 accións, o 70 % das cales atinxiron totalmente as metas previstas; nun 20 % das accións os obxectivos perseguidos só se alcanzaron parcialmente, mentres que no 10 % restante das accións ben non se realizaron ben os resultados non foron os previstos.

Os principais fitos deste bloque foron (figura 2):

- Regulamento de usos lingüísticos da USC aprobado polo CG na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2022 que substituíu o vixente ata ese momento, que databa de 1993².
- Apoio ás CNL e divulgación das súas actividades no Xornal da USC.
- Inclusión de perfís de competencia lingüística da RPT de PAS.
- Progresión nos produtos de software galeguizados, de xeito que todo o software corporativos posúe unha versión en galego. Especial fincapé na transformación da plataforma *MS Teams*, que ten unha media diaria de 1.500 reunións e 20.000 conversacións.
- Monitorización e seguimento das sinalética física e na rede. Importante o traballo na Cartelaría Dixital.

² [Un novo regulamento actualiza o status de lingua propia do galego na USC | Universidade de Santiago de Compostela](https://sede.usc.es/csv/4472-07A8-4D75-9502)

- Implantación definitiva da caixa de correo .gal.
- Acciões formativas con contido normalizador en colaboración co Centro de Formación.
- Elaboración de diverso material de asesoramento lingüístico-terminolóxico.




Figura 2. (a) MS Teams en galego e (b) Comunicación do .gal no directorio

2. A docencia

Este bloque tamén recollía outras 10 accións dirixidas a acadar un impacto final sobre a porcentaxe de uso do galego na docencia. Na figura 3 amósase a evolución do uso das linguas na docencia da USC dende o curso 2015-16 ata o 2022-23, na cal se observa que durante a vixencia do plan tivemos unha lixeira suba do 5 %.

Linguas de docencia (USC)

Evolución desde 2015




Figura 3. Evolución do uso das linguas na docencia³

³ O uso do galego na docencia mantén no ano académico 2022-2023 a tendencia estable dos últimos cursos | [Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](https://sede.usc.es/csv/4472-07A8-4D75-9502)

Esta suba global non despega fundamentalmente polas horas docentes impartidas das titulacións no ámbito de Ciencias da Saúde xa que a súa contribución no global é determinante (figura 4).

De xeito detallado, as metas previstas alcanzáronse nun 70 % das accións, nun 20 % das accións as metas só foron conseguidas parcialmente e o 10 % restante das accións ou non se realizaron ou os resultados non foron os previstos. Os principais fitos foron:

- Campañas específicas en Medicina⁴.
- Cambio na aplicación de *Xescampus* para a contabilidade das horas en galego.
- Cartafol de documentación nas xornadas de benvida (exclusividade da cartelaría en galego) e o programa *A Ponte*.
- Incorporación no SET da competencia lingüística
- Esenciais en acceso aberto⁵ en todas as grandes áreas⁶.
- Acordo con *G Ciencia* para que tras 24 h os artigos de divulgación na plataforma *The Conversation* teñan a súa versión en galego. Ata o momento son 88 artigos de 64 autores, que en galego tiveron 26.575 lecturas.

⁴ [Campaña 'A boa medicina' | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](#)


⁵ [Esenciais \(usc.gal\)](#)

⁶ [Bota a andar a convocatoria 2022 dos Esenciais | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](#)

(a)

Horas totais e docencia en galego (por centros)

Curso 2022-23



(b)




Figura 4. Porcentaxe de horas impartidas en galego en cada centro: (a) relación coas horas totais; (b) distribución das linguas usadas na docencia

3. A investigación

Este bloque tiña 3 accións, os principais fitos foron:

- Visualización e promoción dos TFM en galego.
- Portal de Investigación en galego⁷.
- Publicación de artigos en galego (acceso aberto) nas revistas científicas da USC. Unha media de 50 artigos anuais.
- Potenciación do repositorio institucional MINERVA para documentos en galego.

4. A proxección

Este bloque definíase por 4 accións, que se atinxiron maioritariamente. Cómpre destacar:

- Identificación e monitorización das actividades da USC na súa vertente lingüística: programas, centros, actividades, unidades...
- Regulamento de estudos de doutoramento.
- Desenvolvemento do repositorio de vídeos de divulgación científica Proxector⁸, en colaboración co Consello da Cultura Galega.
- Declaración de Helsinki⁹.
- Programa *SumoValor* para o apoio do patrimonio lingüístico.

⁷ [Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](http://usc.gal)

⁸ [Acerca de Proxector | Consello da Cultura Galega](#)

⁹ [Iniciativa Helsinki sobre o multilingüismo na comunicación científica | helsinki-initiative.org](http://helsinki-initiative.org)

3 PLAN DE ACCIÓNS 2024-2026

3.1 Xestión

ACCIÓN 1.1	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Dotar o SNL dos recursos humanos, económicos e materiais necesarios no Campus de Lugo e Santiago para poder desenvolver as actuacións derivadas deste Plan de accións e doutros programas da USC	Xerencia VTDI	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Dotación do SNL		
ACCIÓN 1.2	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Elaborar un material físico e/ou dixital que compile información relevante relacionada co galego (normativa, formación, recursos didácticos, ferramentas lingüísticas...) dirixida ao estudantado e ao persoal de nova incorporación	SNL	2024	2024
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Cartafol		
ACCIÓN 1.3	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Difundir entre o PDI , o PTXAS e o estudantado de nova incorporación o material elaborado na acción 1.2	Servizo de PTXAS e PDI VEC Consello de Estudantado	2025	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Accións e protocolos de difusión		
ACCIÓN 1.4	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Fornecer os equipos de dirección de facultades, escolas e outros centros universitarios da formación e información relativas á aplicación do Regulamento de usos lingüísticos	Centro de Formación SNL	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Actividades de formación Reunións informativas		
ACCIÓN 1.5	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Deseñar unha campaña de difusión e formación sobre o Regulamento de usos lingüísticos entre os diferentes servizos e unidades universitarias que se faga extensiva a toda a comunidade	GC Centro de Formación	2024	2025
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Campaña de difusión Actividades de formación		

ACCIÓN 1.6	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Facilitar que a través dos espazos dixitais xestionados polo SNL se poidan comunicar as queixas relacionadas cos dereitos e deberes lingüísticos	SNL	2024	2024
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Ligazóns dende a web e redes sociais do SNL aos mecanismos de trámite das queixas		
ACCIÓN 1.7	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Afondar nas estratexias de cooperación entre o SNL e as CNL e entre estas entre si	SNL	2024	2025
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Reforzamento das liñas de cooperación existentes (económica, de planificación, de xestión...) Consolidación dos espazos de xestión desa cooperación, tanto físicos (reunións semestrais) como virtuais (espazos compartidos na intranet) Proxectos desenvolvidos de forma cooperativa entre as CNL		
ACCIÓN 1.8	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Redeseñar a estrutura da área Normalización Lingüística no web da USC e actualizar os contidos relevantes sobre ese ámbito da vida na USC	GR SNL	2024	2024
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Estado e grao de actualización da área web Normalización Lingüística		
ACCIÓN 1.9	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Establecer o dominio “.gal” por defecto para o correo electrónico, dominio e servizos da comunidade universitaria	ATIC SNL	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Grao de uso das contas de correo-e “.gal”		

ACCIÓN 1.10	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Impulsar dende o SNL un servizo de corrección lingüística para o correo electrónico enviado polas listas de distribución	SNL Servizo de PDI Servizo de PTXAS	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Implantación do servizo Correos electrónicos corrixidos		
ACCIÓN 1.11	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Manter que o motor de busca nos ordenadores con dominio usc determine que a páxina web en lingua galega sexa amosada por defecto	ATIC	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Páxina web		

3.2 Docencia

ACCIÓN 2.1	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Recoñecer no POD durante tres cursos académicos consecutivos o labor tanto do profesorado que se incorpora á docencia en galego como o de quen veu impartindo a súa docencia en galego	VOA-CL	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Directrices de PDA e POD Datos lingüísticos sobre docencia		
ACCIÓN 2.2	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Introducir na enquisa de satisfacción coa docencia recibida unha cuestión sobre a lingua da docencia para ter un sistema de verificación adicional do cumprimento da acción 2.1	ACMP	2024	2025
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Versión modificada da enquisa de satisfacción coa docencia recibida		
ACCIÓN 2.3	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Mellorar no web da USC a visibilidade da información sobre a lingua empregada para impartir docencia, e deseñar un sistema eficiente de consulta	GC Oficina de Datos	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Sitio web mellorado USC en cifras		
ACCIÓN 2.4	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Crear e manter canles de comunicación entre o profesorado que imparte docencia en galego que sirvan para transmitir información de interese para o colectivo, para debater cuestións de relevancia e para xerar unha comunidade vizosa, proactiva e resistente	VTDI SNL	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Creación do espazo colaborativo Actividade da comunidade xerada nese espazo		
ACCIÓN 2.5	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Actualizar o software de xestión interna e poñer en valor o bUSCatermos	ATIC SNL	2024	2024
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	bUSCatermos		

ACCIÓN 2.6	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Promover que a docencia das materias de formación básica das diferentes titulacións sexa en lingua galega	VOA-CL VTI SNL	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Guías docentes das materias afectadas Datos lingüísticos sobre docencia		
ACCIÓN 2.7	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Impulsar unha liña de axudas para a tradución de materias fundamentais do coñecemento universal ao galego así como das materiais empregados para a docencia	SPIC SNL	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Obras traducidas Materiais traducidos		
ACCIÓN 2.8	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Realizar campañas entre o PDI que animen á inclusión de bibliografía en lingua galega na bibliografía recomendada das materias	Biblioteca USC	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Campañas realizadas Inclusión de bibliografía en lingua galega as bibliografías recomendadas		
ACCIÓN 2.9	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Promover que no mapa de titulacións da USC se inclúan títulos de mestrado no ámbito da cultura e lingua galega	VTI	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Mapa de titulacións		

3.3 Investigación

ACCIÓN 3.1	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Fomentar o uso do galego nas iniciativas de valorización e transferencia de resultados da investigación á sociedade	RIAIDT AVTE	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
Convenios, informes ou servizos baixo a nova modalidade lingüística			
ACCIÓN 3.2	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Promover a realización de iniciativas de divulgación da actividade investigadora en galego, especialmente dirixidas á mocidade investigadora, en todos os centros da USC	SNL CNL	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
Incremento dese tipo de iniciativas no período 2024-2026			
ACCIÓN 3.3	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Estimular e fomentar que as actividades de divulgación científica vinculadas á USC empreguen o galego como lingua de comunicación, poñendo atención especial á realizada en canles dixitais	VTDI GC	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
Acordo con GCiencia Acordo co CCG para desenvolver e manter Proxector			
ACCIÓN 3.4	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Mellorar as sinerxías coas redes e asociacións de mocidade investigadora para promover o emprego da lingua no seu traballo de investigación e divulgación	SNL VTDI	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
Actividades realizadas en colaboración.			
ACCIÓN 3.5	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Actualizar o programa de axudas que a USC ofrece para a redacción de teses en galego e mellorar as canles de comunicación	SNL EDIUS	2025	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
Programa de axudas directas Razón de teses defendidas en galego vs teses que solicitan as axudas á redacción			

3.4 Proxección

ACCIÓN 4.1	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Colaborar cos servizos, áreas e unidades da USC que promoven actividades dirixidas á comunidade universitaria para que actúen como pancas da promoción activa do uso do galego	SNL	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Actividades desenvolvidas en galego Apoio preferente ás actividades realizadas en galego		
ACCIÓN 4.2	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Colaborar activamente coa Fundación USC para que os servizos que lle ofrece á comunidade universitaria sirvan de panca de promoción activa do uso do galego	Fundación USC	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Uso do galego, oralmente e por escrito, nas actividades, mensaxes e materiais que desenvolve		
ACCIÓN 4.3	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Potenciar o papel da Escola Infantil Breogán como axente galeguizador das nenas e nenos que asisten a elas e das súas familias	Escola Infantil Breogán	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Inclusión no Proxecto Apego		
ACCIÓN 4.4	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Promover o galego nas accións da USC destinadas a estimular vocacións científicas	VTDI VPC	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Documentación e sitios web das actuacións Cuestionarios de valoración de cada actuación		
ACCIÓN 4.5	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Promover actividades que poñan de relevo entre o estudantado a importancia do dominio activo do galego para a práctica profesional	CNL	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Actividades de difusión		

ACCIÓN 4.6	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Informar o estudiantado (actual ou potencial) de fóra da Comunidade Autónoma da realidade lingüística da USC, e promover entre el o coñecemento da lingua galega	GC VTI Xestión Académica	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Cartafol de documentación Participación en feiras Creación dunha sección no web de Futuros estudantes		
ACCIÓN 4.7	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Incorporar unha funcionalidade de aprendizaxe básica de galego na aplicación móbil da USC	ATIC Centro de Formación	2024	2025
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Funcionalidade dispoñible na aplicación		
ACCIÓN 4.8	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Visibilizar a realidade lingüística de cada centro da USC nos seus micrositios web	SNL Centros	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Creación dun segundo nivel (dentro da do epígrafe centro) dun apartado declarativo do uso da lingua galega		
ACCIÓN 4.9	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Empregar espazos públicos de titularidade universitaria para a comunicación de mensaxes a prol do uso do galego	GC	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Difusión das mensaxes e tempo de exposición		
ACCIÓN 4.10	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Crear un espazo permanente que lle dea visibilidade e relevancia ao premio Porteiro Garea e ás persoas que o acadaron	VEC VTDI	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Espazo permanente de exhibición		

ACCIÓN 4.11	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Converter a USC nun espazo amigable, accesible e aberto para as actividades desenvolvidas por entidades que promovan o galego	VTDI	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Actividades de colaboración		
ACCIÓN 4.12	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Promover o estudo de galego entre o estudiantado de mobilidade entrante	VTI CLM	2024	2026
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Cursos para nongalegofalantes Número de estudantes de mobilidade entrante matriculados		

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 03/06/2024 12:25:05.

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 31/05/2024 15:28:16.

CSV: 4472-07A8-4D75-9502